

Publicidade



(<http://benourense.depourense.es/trenbalnearios/>)

eco

REVISTA DO EIXO ATLÁNTICO

VENRES, 8 DE XUÑO DE 2018

◀ **ATRÁS** (INDEX.PHP) · ACTUALIDADE (MAIS-NOTICIAS.PHP) · A
GUÍA DE ECO (GUIA.PHP) · SUBSCRICIÓN (SUSCRIPCION.PHP) ·
CONTACTO (CONTACTO.PHP)

Unha errónea xestión do risco medioambiental

✎ REDACCIÓN · 🕒 PUBLICADO O 06 DE XUÑO DE 2018 · 💬 (0)

Reunidos no **Foro Inade na Coruña**, os expertos advirten de que as empresas non realizan unha xestión axeitada neste sentido, e lembran que deben presentar antes do 31 de outubro unha **“declaración responsable”**, indicando ter feito unha análise de responsabilidade medioambiental.

A Tribuna de Foro Inade acolleu o luns unha xornada de traballo para **analizar o risco da responsabilidade medioambiental**, abordando as novas obrigas que os empresarios deben ter en conta a partir do 31 de outubro. A mesa redonda, que estivo presentada e moderada polo director de Fundación Inade, **Adolfo Campos**, contou coa presenza de **José Luis Lorenzo Cantero**, director de Responsabilidade Medioambiental de AIG en España; **José Luis de Heras Herráiz**, director xerente do Pool Español de Riscos Medioambientais, e **Santiago Cristín Mariño**, representante da Asociación Profesional de Empresas Medioambientais de Galicia (Aproema) e responsable da Área de Servizos Ambientais do despacho Javier de la Cerda Asociados.



En concreto, as reflexións centráronse na análise da **Orde APM/1040/2017** do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), pola que se establece, entre outras medidas, **a data a partir da será será esixible a constitución da garantía financeira obrigatoria para as actividades clasificadas como nivel de prioridade 1 e 2.**

A xornada foi inaugurada polo presidente da Confederación de Empresarios da Coruña, **Antonio Fontenla Ramil**, que resaltaba a necesidade de organizar xornadas para “a vixilancia activa dos cambios

lexislativos e o asesoramento a empresas, que pretenden facer realidade o **compromiso empresarial co medio ambiente** facilitando o apoio e asistencia técnica na resolución de consultas”.

Así mesmo, lembrou que dende a Confederación Española de Organizacións Empresariais e en colaboración co Magrama, se desenvolveron numerosas ferramentas de tipo sectorial para a análise de riscos, directrices técnicas simplificadas e fichas orientativas. Á súa vez, “dende a CEC, unha das organizacións integradas na CEOE, impulsamos que **o tecido empresarial da provincia desenvolva unha cultura preventiva como a mellor ferramenta para a sostibilidade económica, social e ambiental**”.

Na presentación, Adolfo Campos volviu recalcar, pola súa banda, que “na maioría das ocasións, o nacemento dunha fundación vén cubrir un espazo que, sendo necesario, non ten o apoio suficiente da Administración Pública.”

Repoñer o ben

Como inicio da sesión, lembrábase que dende o ano 2007, momento en que se transpuxo á normativa española a Directiva 2004/35 de 30 de abril, os empresarios deben afrontar unha nova responsabilidade: a **responsabilidade medioambiental**. Esta responsabilidade é ilimitada, xa que a empresa ten que facer fronte á totalidade do custo das súas obrigas ata a reparación completa dos danos medioambientais causados; é dicir, que **se debe repoñer o ben ás condicións que tiña no momento anterior a que fose dando**.

Nesta norma relacionábase unha serie de sectores profesionais aosque se obrigaba a **realizar unha análise do risco medioambiental da súa actividade profesional**, para avaliá-la contía do posible dano que pudesen orixinar, e a **constituír unha garantía financeira por esa responsabilidade medioambiental**. Esta garantía cubrirá, se supera os limiares establecidos na norma, os custos estimados das accións de prevención, evitación e reparación primaria en caso de sinistro.

Niveis

O conxunto das actividades clasificadas ordenouse por niveis de prioridade establecéndose tres categorías. En 2017 outra Orde do Magrama estableceu as datas de entrada en vigor dos niveis de prioridade 1 y 2. **As actividades de prioridade 1 (determinadas instalacións de combustión e empresas adicadas á xestión de residuos) deben constituír unha garantía financeira antes do próximo 31 de outubro.** Esta garantía financeira pode ser transferida á industria aseguradora a través dunha póliza de seguro de responsabilidade medioambiental ou asumila a propia empresa a través dun aval concedido por unha entidade financeira autorizada para operar en España, ou a través da constitución dunha reserva técnica no seo da propia empresa. **Esta obriga tamén será aplicable a partir do 31 de outubro de 2019 ás empresas de nivel de prioridade 2.** A garantía financeira estará destinada específica e exclusivamente a cubrir as responsabilidades medioambientais do operador que se deriven da súa actividade económica ou profesional.

Ademais, os titulares destas actividades terán que presentar antes do 31 de outubro unha **“declaración responsable”** ante as autoridades medioambientais, indicando que se realizou a correspondente análise do risco medioambiental da súa actividade, e expresando que se presenta a garantía financeira na contía correspondente á análise efectuada ou ben que non se presenta por non acadaro risco analizado os limiares establecidos.

Mala xestión

Dada a súa experiencia, os expertos da mesa redonda confirmaron que, na súa maioría, **as empresas non xestionan adecuadamente o risco medioambiental**, xa que estas obrigas non están sendo tidas aínda en conta polos directivos e titulares das actividades.

Durante o debate púxéronse de manifesto ademais as diferenzas existentes entre os danos medioambientais causados por incorrer nun feito relacionado coa responsabilidade civil dun empresario e a propia

responsabilidade medioambiental. A este respecto, destacou-se que **a medioambiental se refire exclusivamente ao dano causado aos recursos naturais** (especies silvestres e o seu hábitat, aquíferos, solos e subsolos), que é reclamado polas administracións públicas ao titular da actividade económica ou profesional que causou ese dano. Neste caso, a obriga do responsable será **minimizar o alcance do dano producido, reparar completamente as consecuencias, devolvendo os bens ao seu anterior estado e manter informada á administración competente**. Sen embargo, no caso de **danos causados por unha responsabilidade civil xenérica**, referiranse a cando se causa un dano á integridade patrimonial ou persoal de entidades privadas ou persoas, e é reclamado directamente polo suxeito danado; neste caso a obriga será a de **indemnizar e reparar o prexucio causado ao terceiro**.

Ademais, os expertos lembraron que **pese a que a Lei de Responsabilidade Medioambiental non é unha norma sancionadora, contén un capítulo de sancións a aplicar se as empresas non cumpren as súa obrigas**. Ademais da esixencia de reparación do dano –aplicable en todo caso– se imporá unha sanción administrativa ou incluso unha pena conforme ao Código Penal (se se cometeu un delito ecolóxico).



(<http://www.facebook.com/sharer.php?u=http%3A%2F%2Fecodixital.com%2Fpost.php%3Fid%3D10290&t=Unha+err%C3%B3nea+xesti%C3%B3n+do+risco+medioambiental>)



(<http://twitter.com/home?status=Lendo+Unha+err%C3%B3nea+xesti%C3%B3n+do+risco+medioambiental+en+ECO+Revista+do+Eixo+Atl%C3%A1ntico%3B+http%3A%2F%2Fecodixital.com%2Fpost.php%3Fid%3D10290>)



(<https://plus.google.com/share?url=http%3A%2F%2Fecodixital.com%2Fpost.php%3Fid%3D10290>)

 COMENTAR NOTICIA

Alias

Comentario